

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.<sup>a</sup>,  
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN  
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 14.02.2018      Hora: 10:30

A Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 25238 (10/CPC-000038)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Da Sra. directora da Escola Galega de Administración Pública, por petición propia, para informar sobre o Plan de formación da Escola para o ano 2018  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018*

**Punto 2. Preguntas**

- 2.1 22778 (10/POC-003759)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis  
Sobre os datos do Goberno galego referidos á existencia de carencias no uso da lingua galega no ámbito de actuación do Ministerio Fiscal en Galicia, o cumprimento das recomendacións reflectidas no IV Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias e as súas previsións respecto do impulso dos cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega no ámbito da actuación do Ministerio Fiscal en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018*
- 2.2 24119 (10/POC-004017)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre a data prevista polo Goberno galego para a publicación da información á que se refire o artigo 19 da Lei 1/2016 no Portal de transparencia e Goberno aberto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018*

**Punto 3. Propositions non de lei**

- 3.1 16104 (10/PNC-001376)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co acollemento



de persoas refuxiadas

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017*

3.2

23777 (10/PNC-001880)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos traballos para a elaboración dunha nova Lei do xogo

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018

César Manuel Fernández Gil  
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE  
COMISIÓN 1.<sup>a</sup>, INSTITUCIONAL, DE  
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR  
POR ORDE ALFABÉTICA**

**Mesa**

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| Presidente                     |   |
| César Manuel Fernández Gil     | P |
| Vicepresidenta                 |   |
| María Julia Rodríguez Barreira | P |
| Secretaria                     |   |
| Patricia Vilán Lorenzo         | S |

**Vogais**

|                             |     |
|-----------------------------|-----|
| Xosé Luís Bará Torres       | BNG |
| Juan Manuel Díaz Villoslada | S   |
| Jacobo Moreira Ferro        | P   |
| Antonio Mouriño Villar      | P   |
| María Isabel Novo Fariña    | P   |
| José Alberto Pazos Couñago  | P   |
| Paula Prado del Río         | P   |
| Carmen Santos Queiruga      | EM  |
| Luis Villares Naveira       | EM  |

Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 14.02.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

**Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**

**Día: 14.02.2018                    Hora: 10:30**


**Orde do día**

1.1      25238(10/CPC-000038)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Da Sra. directora da Escola Galega de Administración Pública,  
por petición propia, para informar sobre o Plan de formación  
da Escola para o ano 2018

*Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018*


05/02 2018 14:38 FAX 00981541211



0001/0001



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior- da directora da Escola Galega de Administración Pública para informar "sobre o Plan de formación da Escola para o ano 2018".

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 14.02.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

2.           Preguntas



**Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**

**Día: 14.02.2018                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1      22778(10/POC-003759)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre os datos do Goberno galego referidos á existencia de carencias no uso da lingua galega no ámbito de actuación do Ministerio Fiscal en Galicia, o cumprimento das recomendacións reflectidas no IV Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias e as súas previsións respecto do impulso dos cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega no ámbito da actuación do Ministerio Fiscal en Galicia

*Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018*



## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán, e unha Lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. Esta lei di, no seu artigo 7.3, que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de xustiza. Mais o certo é que o uso da nosa lingua na xustiza é absolutamente residual e non hai datos oficiais actualizados, nin sequera cando dende este grupo parlamentario se lle piden expresamente ao Goberno.

O Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias ten considerado, no seu cuarto informe sobre o grado de cumprimento do texto, que hai carencias no uso do galego no ámbito xudicial. Por tal motivo, instou ás administracións españolas e galegas a introducir os cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos en lingua galega. O Goberno galego simplemente manifestou a toma en consideración das recomendacións.

Nesta mesma liña de irrelevancia da nosa lingua está o Ministerio Fiscal en Galicia, órgano de relevancia constitucional e con personalidade xurídica propia pero que non é un exemplo de uso do galego. O propio Fiscal Superior de Galicia así o ten manifestado nas súas 3 últimas comparecencias no Parlamento.



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten datos o Goberno galego sobre se existen carencias no uso do galego no ámbito da actuación do Ministerio Fiscal en Galicia?
2. Se a anterior resposta fose positiva, como cadran eses datos co mandato do cuarto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias?
3. Vai impulsar o Goberno galego os cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega, no ámbito da Fiscalía en Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Concepción Burgo López  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 11/01/2018 11:32:07**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 11/01/2018 11:32:12**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/01/2018 11:32:17**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 11:32:21**

**Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**

**Día: 14.02.2018                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2      24119(10/POC-004017)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a publicación da información á que se refire o artigo 19 da Lei 1/2016 no Portal de transparencia e Goberno aberto

*Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/01/2018 12:13  
Nº Rexistro: 24119  
Data envío: 25/01/2018 12:13:33.092

### Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No ano 2016 aprobouse a Lei de transparencia e bo goberno, que obriga á Xunta de Galiza a dar información sobre diversas materias, entre elas as relacións da Xunta co Parlamento de Galiza.

O artigo 19 da lei establece o seguinte:

“Artigo 19. Información específica sobre as relacións da Xunta co Parlamento de Galicia

1. A Xunta de Galicia publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto a relación dos acordos aprobados no Parlamento de Galicia que afecten as súas competencias, detallando a data de aprobación e o organismo competente para o seu cumprimento. Asemade, publicará aqueles acordos que a insten a dirixirse a outras entidades.

2. A finais de cada ano, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano.”



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2018 12:13**  
**Nº Rexistro: 24119**  
Data envío: 25/01/2018 12:13:33.092

Tendo en conta o anteriormente exposto, e que non se deu cumprimento ao establecido no citado artigo, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que entende o Goberno galego por “transparencia e bo goberno”?
2. Por que incumpre a Xunta de Galiza as obrigas establecidas na lei de transparencia e bo goberno, nomeamente no relacionado co artigo 19?
3. Cando tes previsto o Goberno galego publicar as informacións ás que fai referencia o citado artigo?
4. Considera a Xunta de Galiza que o incumprimento do establecido neste artigo pon de manifesto, ademais da falta de transparencia, unha falta de respecto cara aos acordos aprobados polo Parlamento?

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2018 12:13**  
**Nº Rexistro: 24119**  
Data envío: 25/01/2018 12:13:33.092

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/01/2018 11:42:08**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2018 11:42:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/01/2018 11:42:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/01/2018 11:42:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2018 11:42:18**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2018 11:42:20**

Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 14.02.2018                      Hora: 10:30

Orde do día

3.        Proposicións non de lei



**Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**

**Día: 14.02.2018                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.1      16104(10/PNC-001376)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co acollemento de persoas refuxiadas

*Publicación da iniciativa, 178, 20.09.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**, relativa ao acollemento das persoas refuxiadas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A principios de 2016, por primeira vez desde a Segunda Guerra Mundial, o número de persoas desprazadas dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución, e as violacións de Dereitos Humanos nos seus países de orixe superou os 65 millóns segundo datos de ACNUR. Unha cifra que se incrementaría si sumásemos as miles de persoas que se viron obrigadas a desprazarse por desastres naturais ou pobreza. Esta situación pon ao descuberto a incapacidade da comunidade internacional para resolver e previr conflitos e situacións de emerxencia humanitaria, así como a falta de vontade política para cumprir coas obrigas internacionais en materia de Dereitos Humanos e protección internacional.

Centrándonos unicamente no caso de Siria, deberíamos falar de cinco millóns de persoas refuxiadas dende o inicio do conflito. Cinco millóns de persoas refuxiadas que non atoparon asilo nesa Unión Europea que se dicía bandeira dos dereitos humanos e que máis que conseguiu foi un acordo de reasentamento que naceu, hai case dous anos, abocado ao fracaso ante o falta real de vontade e compromiso político.

Dito acordo supoñía que o Estado español acollería a 17.337 persoas. Apenas dez días antes de que expire o prazo fixado pola propia UE para o 26 de setembro atopámonos cun fracaso total e absoluto. Toda vez que apenas se cumpriu co 6% dos compromisos de recolocación.

Do mesmo xeito a lexislatura pasada viu a aprobación de diversas iniciativas parlamentarias a prol da acollida das persoas refuxiadas así como o anuncio por



parte do goberno dun Plan de acollida para persoas refuxiadas do que apenas temos información.

Tendo en conta o anterior, o grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

1.- O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- a) Presentar, antes de que remate o ano en curso, un informe completo acerca da implementación do Plan de Acollida que inclúa, cando menos, número de solicitantes, número de beneficiarios, prazos de resolución de solicitudes e recursos orzamentarios utilizados en dito plan.
- b) Elaborar un plan que permita activar aloxamento público para as persoas refuxiadas
- c) Solicitar a retirada do premio princesa de Asturias á Unión Europea ante a súa incapacidade para dar resposta á situación de emerxencia que viven as persoas refuxiadas.

2.- O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado para:

- a) Axilizar de maneira significativa o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España mediante a súa recolocación e reasentamento.
- b) Cumprir no prazo previsto os compromisos acordados coa UE de acoller a **17.337 persoas refuxiadas**.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/09/2017 13:24**  
**Nº Registro: 16104**  
Data envío: 12/09/2017 13:24:02.415



Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 12/09/2017 13:19:29**

**Luis Villares Naveira na data 12/09/2017 13:19:36**

**Reunión da Comisión 1.<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior**

**Día: 14.02.2018                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

3.2      23777(10/PNC-001880)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o inicio pola Xunta de Galicia dos traballos para a  
elaboración dunha nova Lei do xogo

*Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2018 09:56  
**Nº Rexistro: 23777**  
Data envío: 22/01/2018 09:56:54.197

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 1º Institucional, Administración xeral, Xustiza e Interior.**

### Exposición de motivos:

A actual Lei de Xogo de Galicia data de 1985 e foi ditada no marco do acordo Comunidade Autónoma-Estado, no que se concretan as competencias exclusivas e concorrentes do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase dunha manifestación máis do desenvolvemento da liberdade individual como consecuencia da eliminación da consideración do xogo como un delito, ao tratarse dunha conduta prohibida anteriormente no noso país.

Na actualidade o xogo debe ser obxecto dunha regulación exhaustiva e axeitada, tanto pola incidencia que pode ter na saúde coma pola fonte de ingresos que supón para o erario público.

A Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia, foi obxecto de diversas modificacións ao longo dos anos, mais precisa agora unha profunda reforma que axuste o texto ás necesidades actuais tanto da propia Administración como de todos os axentes afectados polo sector do xogo en Galicia.

Por este motivo, o programa electoral co que a cidadanía galega deu en outubro de 2016 ao Partido Popular de Galicia a maioría parlamentaria que sustenta este goberno citaba expresamente entre os seus compromisos o seguinte: “ *Elaboraremos unha nova Lei de Xogo de Galicia, adecuando a normativa galega de xogo á realidade actual do sector de xogo en España, de xeito que responda ás necesidades actuais e que sexa formulada co máximo grado de consenso co sector para posibilitar un axeitado desenvolvemento desta actividade, respectando os dereitos que puideran verse afectados pola mesma, en particular os dos grupos máis vulnerables (infancia e xuventude)*”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdeg Galicia.com](http://www.ppdeg Galicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2018 09:56  
Nº Rexistro: 23777**  
Data envío: 22/01/2018 09:56:54.197

Por todo o anterior, o grupo parlamentario popular, presenta a seguinte proposición non de lei comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar os traballos para a elaboración dunha nova Lei de xogo que substitúa a normativa en vigor, de xeito que se actualicen os seus preceptos e se recollan as necesidades da sociedade dos nosos días, mantendo os imprescindibles controis que corresponden á Administración, na procura da consecución dunha conciencia xeral do que se entende como xogo responsable “

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 22/01/2018 09:46:56**

**Paula Prado Del Río na data 22/01/2018 09:51:27**

**Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2018 09:51:39**

**César Manuel Fernández Gil na data 22/01/2018 09:51:50**

**Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2018 09:51:55**

**María Isabel Novo Fariña na data 22/01/2018 09:52:09**

**Antonio Mouriño Villar na data 22/01/2018 09:52:42**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2018 09:56  
**Nº Rexistro: 23777**  
Data envío: 22/01/2018 09:56:54.197

**María Julia Rodríguez Barreira na data 22/01/2018 09:52:55**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)